

XEOGRAFÍA E HISTORIA

BOLETÍN RECUPERACIÓN / 2º AVALIACIÓN / 2º ESO

TEMA 3: “A Europa feudal

1) Cales son as causas e orixe do feudalismo?

Entre os séculos IX e X, os normandos (vikingos), musulmáns e húngaros atacaron e invadiron as terras de Europa occidental, xerando unha gran crise.

- Ante esta situación, os reis pediron axuda ós nobres (que posuían exércitos) → a cambio, o rei entregáballes terras e poder, converténdoo así en vasalos da monarquía. Así foi como naceu o feudalismo.
- Estes nobres convertéronse en señores feudais, que posuían grandes propiedades e eran a principal autoridade nos seus feudos ou territorios.
- O campesiñado acudía á nobreza en busca de protección ante a ameaza de posibles ataques.

2) Explica como estaba organizada a sociedade na época feudal?

A sociedade medieval estaba dividida en estamentos. Os estamentos eran grupos pechados ós que as persoas pertencían por nacemento, para toda a súa vida.

Eran os seguintes:

a. Estamentos privilexiados:

- ✓ Nobreza. Tamén chamados “bellatores”, o seu cometido era defender á poboación.
- ✓ Clero. Tamén chamados “oratores”, a súa función era rezar para salvar ás almas.

b. Estamento non privilexiado:

- ✓ Artesáns e campesiños. Eran os “laboratores, xa que se gañaban a vida co seu traballo.

3) Cales eran os poderes da monarquía na época feudal?

Durante a Idade Media, os reis eran considerados os representantes de Deus na terra. Este cargo era hereditario. O rei era a máxima autoridade (militar, administrativa e xudicial). O reino (o territorio baixo a súa autoridade) era considerado como o seu patrimonio persoal (é dicir, propiedade do monarca).

- Tiñan atribucións exclusivas como:

- o Dirixir campañas militares.
- o Recadar impostos.
- o Exercer de xuíces supremos nos pleitos.

Os reis e raíñas, así como o resto da nobreza, vivían en fortalezas ou castelos. Estes servían como refuxio á poboación en caso de sufrir un ataque.

4) Cales eran as funcións da nobreza na época feudal?

A nobreza dedicábase á guerra: loitaban para defender o seu territorio ou para axudar ó monarca ou a outro señor.

Tiñan privilexios, como non traballar ou non pagar impostos.

5) Que era a vasalaxe?. Explica a cerimonia do vasalaxe.

Os reis, como non tiñan medios para impoñer a súa autoridade en todo o seu reino, recorreron a establecer relacións de vasalaxe coa nobreza.

A vasalaxe era un pacto de fidelidade entre o rei e un nobre, que se establecía nunha cerimonia dobre:

- 1) A homenaxe. No castelo, o rei (señor) recibe ó nobre e pregúntalle se quere converterse no seu vasalo, este responde “si, quero” e ofrece as mans xuntas en sinal da súa entrega, que o señor acolle entre as súas. Despois, xura fidelidade sobre o libro sagrado ou reliquias. Finalmente, selan o pacto cun bico. Como consecuencia da homenaxe, o señor recibe a fidelidade do vasalo, axuda militar e consello no goberno; e o vasalo obtén sustento económico, protección e defensa xurídica.
- 2) A investidura. O señor outorga un feudo (terras) ó vasalo para que o administre, o defenda, e explote economicamente. En sinal do feudo entrégase un obxecto simbólico (unha vara, flores, terra...).

6) Cal era o poder da igrexa na idade media?

A Igrexa dirixía a vida social e privada de todas as persoas (organizaba as cerimonia -bautismo, matrimonio, funeral...-; regulaba as festas -Nadal, Pascua, Coresma...-; predicaba a caridade, etc.) e fixaba obrigas relixiosas (oír misa os domingos, xaxuar en Coresma, comulgar por Pascua...).

O clero tiña a función de rezar pola salvación das almas.

A Igrexa estableceuse no campo para dirixir a vida dos campesiños. Para iso, construíronse igrexas en todas as aldeas, e mosteiros que se converteron en importantes centros de cultura. Nos mosteiros copiábanse unha grande variedade de textos (relixiosos, de astronomía, bestiarios, herbarios...).

Era propietaria de boa parte das terras e de moitos edificios (mosteiros, conventos, igrexas). Estas propiedades proporcionábanlles elevadas rendas e beneficios. Nos seus señoríos cobraban rendas e recibían doazóns dos fieis.

7) Explica as características do campesiñado na época medieval. Dentro de este grupo, que dous categorías podemos distinguir?

Constituían a inmensa maioría da poboación (90%). Dedicábanse a cultivar a terra e coidar o gando e vivían en pequenas terras ou granxas illadas. As súas condicións de vida eran moi duras.

Traballaban sen descanso, pero debido ás rudimentarias ferramentas de labranza, os rendementos apenas daban para sobrevivir.

Nesta agricultura de autoconsumo, a alimentación era pouco variada e insuficiente e os intercambios moi escasos (as familias elaboraban os produtos que precisaban).

Había dúas categorías:

- 1) Os campesiños libres, que traballaban terras da súa propiedade (alodios) e gozaban de liberdade.
- 2) Os servos. Traballaban nas terras dun señor feudal e tiñan a súa liberdade moi limitada (non podían casar, nin deixar herdanza, nin abandonar as terras sen permiso do señor).

8) Que era un “feudo”? Explica como organizábanse as terras dentro de un feudo.

Eran terras que estaban baixo o dominio dun señor. Estas terras, eran outorgadas polo rei ou por un nobre a outro señor feudal.

O feudo era unha propiedade vinculada, é dicir, o señor tiña dereito a explotalo e podía transmitilo en herdanza, pero non podía vendelo nin fragmentalo.

As terras dentro do feudo organizábanse da seguinte maneira:

a) Reserva señorial: eran as mellores terras do feudo, que o señor se reservaba para a súa explotación directa (inclúe prados, bosques comunais, muíños, o castelo...).

b) Mansos: eran as parcelas de terra que o señor repartía entre os campesiños ó seu servizo, a cambio de que estes lle pagasen rendas (en metálico ou en especie) e de obrigas (como traballar gratis na reserva señorial).

O señor tiña a xurisdición sobre as terras do feudo. É dicir, podía ditar leis, impartir xustiza, recadar impostos polo uso das pontes, dos muíños, etc.

Tema 4: “O RENACER DAS CIDADES”

9) Cales foron as principais innovacións agrarias que permitiron a partir do século XI aumentar a produtividade, mellorando a alimentación e dando lugar a un importante crecemento demográfico??

- Aparellos de labranza máis resistentes, de ferro (gadañas, restrelos, aixadas...).
- Novos métodos de cultivo, como a rotación trienal. Ese sistema deixaba só un terzo da terra en barbeito (é dicir, sen cultivar, para recuperar os nutrientes).
- Expansión do arado normando ou de rodas, que facía sucos máis profundos, osixenando mellor a terra. Este arado empregaba como tiro animais, especialmente cabalos, protexidos con ferraduras.
- Utilización de muíños de vento ou de auga para moer o gran.

10) Cales eran as características das cidades medievais entre os séculos XII e XIV?

As cidades medievais estaban situadas en lugares ben comunicados, próximas a encrucilladas de camiños ou cursos de auga (como ríos, portos...).

Estas cidades estaban rodeadas de murallas, que se ampliaban a medida que medraba a cidade.

As súas rúas eran estreitas e labirínticas, pouco empedradas e sen sumidoiros. As casas eran baixas e estaban agrupadas por barrios segundo a súa relixión ou o oficio dos seus poboadores.

No centro das cidades adoitaba haber unha praza, onde se atopaban os edificios máis importantes (o mercado, o concello, a igrexa, a lonxa...), así como palacios da nobreza.

No exterior das murallas podía haber arrabaldes (barrios de persoas humildes ou con poucos recursos), e tamén se edificaban conventos, igrexas, etc.

11) Cales eran as características da sociedade nestas cidades medievais, entre os séculos XII e XIV?

As cidades estaban habitadas por persoas procedentes de diferentes estratos sociais, dende xentes máis humildes ata membros dos estamentos privilexiados (nobreza e clero). Se ben, nas cidades europeas, a maioría dos habitantes eran cristiáns, tamén había xudeus, que adoitaban vivir en comunidades ou barrios independentes (chamados alxamas ou xudarías).

A maior parte da poboación das cidades dedicábase á artesanía e ó comercio.

Estes artesáns e comerciantes constituíron un grupo social novo: “a burguesía”. Vivían da venda dos seus produtos, tiñan os seus propios negocios e non dependían dos señores feudais. Malia que algúns deles chegaron a acumular importantes riquezas, na sociedade da época formaban parte do estamento dos non privilexiados.

12) Explica que eran “os gremios” de artesáns.

Eran asociacións de profesionais (artesáns) dun oficio.

Os gremios marcaban unhas normas sobre: permisos de traballo, horarios laborais, ferramentas de traballo, calidade, prezos...

A aprendizaxe do oficio era longa: comezábase de neno como aprendiz, pasábase despois a oficial e, cando se demostraban as habilidades necesarias, a mestre artesán, o cal podía abrir o seu propio taller.

Habitualmente, os artesáns dun mesmo oficio tiñan as súas casas-taller nas mesmas rúas ou prazas.

13) Cales foron as tres causas principais da crise do século XIV?

- As guerras: Entre os séculos XIV-XV, houbo moitas guerras en Europa Occidental. A máis coñecida e longa foi a Guerra dos 100 Anos (1337-1453) .

- A fame: No s. XIV, o clima cambiou, as temperaturas baixaron e aumentaron as choivas. Sucederonse os anos de malas colleitas, dando lugar a grandes fames.

- A peste negra: Epidemia que causou unha gran mortalidade entre a poboación

14) Explica que foi a “Peste negra”

Esta epidemia comezou en Europa no ano 1348.

A peste era unha enfermidade provocada por unha bacteria. O principal medio mediante o cal se propagou eran as picadas das pulgas. Previamente, estas pulgas picaran a roedores, dos cales transmitían a enfermidade ós humanos.

Os seus síntomas eran: febre, problemas respiratorios e circulatorios que acababan dándolle ó corpo unha cor negra. De aí vén o termo Peste Negra.

Esta enfermidade orixinouse en Oriente, e todo parece apuntar a que chegou a Occidente a través de barcos xenoveses. Unha vez en Europa, a peste estendeuse de forma fulminante.

15) Cales foron as consecuencias da “peste negra”? . Explicas.

- O despoboamento: Durante esta epidemia morreu entre un 30 e un 40% da poboación europea. Esta enorme mortalidade deu lugar ó despoboamento de boa parte de Europa Occidental. Moitas terras foron abandonadas e a poboación das cidades diminuíu.

- A crise social: A elevada mortalidade e o despoboamento, tamén reduciron os ingresos dos señores feudais e por ese motivo aumentaron os impostos ós campesiños que sobreviviran. Ante esta situación, os campesiños, desesperados pola fame, as guerras e as epidemias, organizaron violentas revoltas contra os señores feudais. Tamén a poboación das cidades, sen traballo nin medios para subsistir, levantouse contra os seus dirixentes (o patriciado urbano).

- A Crise relixiosa: Unha catástrofe como a Peste Negra conmocionou á poboación europea. O forte sentimento relixioso da época fixo pensar á poboación que a epidemia era un castigo divino polos seus pecados e pola corrupción da Igrexa. Este sentimento deu lugar a un fervor relixioso que fixo aumentar as procesións, flaxelacións...para pedir perdón polos pecados, e comezou un movemento para reformar a Igrexa.